

Para beber o viño sobra xente; o carallo é dar o sulfato



Somos unha agrupación de cidadáns que non nos vemos reflectidos en ningún dos partidos presentes en Redondela. Non somos un partido político, a nosa única pretensión é ser novamente a voz dos veciños e veciñas no Concello.

Duns meses para aquí, **o nome da Agrupación de Electores de Redondela (AER) está saíndo en diversos medios de comunicación en boca de partidos políticos** do ámbito Galego e Español.

Temos que recordarlles que AER naceu hai 4 anos froito do descontento cos partidos políticos tradicionais, e **ese descontento foi crescendo de xeito exponencial** dende que estamos no Concello (non queremos pensar noutros niveis).

O pasado mes de outubro publicamos un comunicado onde manifestabamos a nosa decisión de volvernos a presentar de xeito independente e como unha agrupación de electores.

Agora mesmo, na Agrupación **estamos en pleno proceso interno de elaboración das listas electorais**, proceso onde todos os membros activos serán elixibles polos demais. Trámite obrigatorio, xa que hai que presentar unha lista na xunta electoral, pero para nós isto non é o importante. Aínda que os/as que salgan escollidos/as serán a voz e a cara visible de AER, **o importante son as decisións da asemblea, xa que en AER todos/as somos iguais**. Os/as concelleiros/as serán correas de transmisión que deben levar as decisións da asemblea, e as demandas do pobo de Redondela, ao Concello.

AER é fundamentalmente un espazo de participación política a nivel municipal; **assembleario, participativo, aberto e sen sometemento a xerarquía** algunha máis alá do que nós mesmos decidamos.

A única forma de “confluír” con AER é o traballo do día a día. Eses partidos que tanto falan de facer novas políticas, de ser xenerosos, de deixar as bandeiras partidistas a un lado, etc... deben demostralo.

A Agrupación de Electores de Redondela demostrou ao longo destes 4 anos a súa disposición a levar ao pleno iniciativas dos partidos sen representación, de asociacións de todo tipo e de particulares. Fixemos presentes no pleno de Concello a todo tipo de colectivos. AER traballou moito tamén na outra dirección, tentando informar á veciñanza de todo o que pasa no Concello.

Nestes últimos anos, os partidos políticos non fixeron case ningunha iniciativa ou proposta en Redondela sobre as competencias municipais, tanto os grupos que xa están na Corporación como os que están sen representación no Concello.

Espazo Ecosocialista deu un paso importante e apoiou á Agrupación de Electores de Redondela, animando os seus membros e simpatizantes a colaborar no traballo diario desta Agrupación.

A nosa asemblea está aberta a escoitar todo tipo de propostas e valoralas, así que **o que queira falar con nós, aquí estamos. Pero non utilicen o noso nome, AER, nas súas notas de prensa. Nós non somos un partido nin funcionamos como vostedes.**